

## **CONVERTENDO ALUMNOS DE DIVERSIFICACIÓN EN CIENTÍFICOS COMO POR ARTE DE MAXIA (DA QUÍMICA)**

**LÓPEZ PRADA, M<sup>a</sup> Elena**

*IES Miraflores (Oleiros)*

**ÁLVAREZ MUIÑA, Constantino**

*IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela)*

**NEIRA GONZÁLEZ, Mercedes**

*IES de Ames (Bertamiráns)*

**PAZOS AFONSO, Mariano**

*IES A Sardiñeira (A Coruña)*

### **INTRODUCCIÓN**

Esta comunicación trata de relatar unha experiencia didáctica, ao noso xuízo con resultados moi positivos, que se realizou cos alumnos dun grupo de 4º de Diversificación Curricular do IES Miraflores de Oleiros, dentro da materia Ámbito Científico.

### **PROXECTO DE TRABALLO**

Pensouse en traballar cos alumnos adestrándoos na realización de prácticas de laboratorio, ata o punto de que puidesen facer unha sesión de exhibición a outros alumnos do centro.

Así pois, comezouse por seleccionar seis experiencias de laboratorio, xa traballadas polo grupo “A Maxia da Química” que tivesen algunha característica que as fixese atractivas para os alumnos (cambios de cor, desprendemento de fume, formación de espuma...) e que non incluísen reactivos perigosos posto que ían ser manipulados polos alumnos.

Como o grupo de Diversificación era de 13 alumnos, formáronse 6 subgrupos de 2 alumnos cada un, agás un que era de tres alumnos. Finalmente decídese realizar as sesións de exhibición ao final de curso e que asistan como público os grupo de alumnos de 1º de ESO ( haberá tres sesións posto que hai tres grupos deste nivel no instituto).

### **OBXECTIVOS**

Contempláronse dous obxectivos xerais, aos que logo se engadiron algúns outros máis específicos. Os obxectivos xerais eran:

- 1º) Cohesionar o grupo de diversificación, aumentando a autoestima xeral dos alumnos.
- 2º) Fomentar o interese polas materias científicas en xeral e pola Química en particular.

## CONCLUSIÓNS

Para valorar esta experiencia pasouse unha sondaxe aos participantes na mesma, para avaliar tanto o punto de vista do alumnado espectador ou como alumnado protagonista ou “actor” principal. Así, recolléronse enquisas cubertas polos alumnos de 1º de ESO, enquisas cubertas polos profesores asistentes a ditas presentacións e por suposto, enquisas valorativas dos propios alumnos de Diversificación que foron os protagonistas desta experiencia. As preguntas destas enquisas foron diferentes, pero todas encamiñadas a deducir o grao de satisfacción coa mesma.

Pódese deducir dos resultados das enquisas que tanto os alumnos “protagonistas” como os alumnos “espectadores” consideran este proxecto como moi bo, recomendable para repetir con outros grupos de alumnos. Especialmente favorable é a opinión das profesoras que asisten como acompañantes dos grupos de 1º de ESO, e que consideran que este proxecto beneficiou en moitos aspectos ao grupo de Diversificación Curricular.

Para finalizar indicar que, aínda que foi un proxecto que supuxo moitas horas de traballo e superar moitas dificultades, a profesora que o coordinou considera que foi moi satisfactorio. Na última sesión de exhibición os alumnos tiñan xa un dominio e unha confianza en si mesmos que distaba moito de como se atopan a principio de curso, os progresos foron notables, tanto na súa desenvoltura no laboratorio como na súa expresión oral.

A maioría dos obxectivos programados ao comezo acadáronse e polo tanto é unha experiencia recomendable para realizar nos grupos de Diversificación.

## BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Muiña,C.; López Prada, E.; Neira González, M.; Pazos Afonso, M. “A Maxia da Química” Boletín das Ciencias (IV Congreso)
- Álvarez Muiña,C.; López Prada, E.; Neira González, M.; Pazos Afonso, M. “A Maxia da Química” Boletín das Ciencias ( V Congreso)
- Álvarez Muiña,C.; López Prada, E.; Neira González, M.; Pazos Afonso, M. “A Maxia da Química ” Boletín das Ciencias 16 (VI Congreso)
- Álvarez Muiña,C.; López Prada, E.; Neira González, M.; Pazos Afonso, M. “A Maxia da Química 2008 ” Boletín das Ciencias 44 (XIII Congreso)
- Álvarez Muiña,C.; López Prada, E.; Neira González, M.; Pazos Afonso, M. “A Maxia da Química: O futuro” Boletín das Ciencias 61 (XIX Congreso)
- Álvarez Muiña,C.; López Prada, E.; Neira González, M.; Pazos Afonso, M. “A Maxia da Química 2008 ” Boletín das Ciencias 66 (XXI Congreso)